











## *Hypotrachyna horrescens* (Taylor) Krog & Swinscow

Coñecida tamén como *Parmelina horrescens*, esta especie sensible á contaminación e a perturbación dos bosques vive nos troncos das árbores (foto 1) en ambientes húmidos.

Presenta o talo foliáceo pequeno, gris claro ou verdoso, con lóbulos de 0,4 a 1 cm (fotos 2, 3, 4).

O carácter que a separa das espécies próximas é a presenza de numerosos isidios de simples a coraloides (fotos 3, 4) co extremo escuro, amosando algún deles un cilio negro no ápice (foto 5 ).

Con frecuencia sen apotecios.

Fotobionte: alga verde.

Reaccións: talo K+ e P+ amarelo, C-, KC-. Medula C + rosa, KC + vermello, K- e P-